XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

# ANEXO III

## FORMULARIO PARA A AVALIACIÓN DA IDONEIDADE

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

**DATOS DA PERSOA ASINANTE** [1 2]

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN** (deberá acreditar a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

| NOME/RAZÓN SOCIAL | PRIMEIRO APELIDO | SEGUNDO APELIDO | NIF |
|---|---|---|---|
| | | | |

**DATOS SOBRE ICI, PI, ADMINISTRADOR/A, REPRESENTANTE OU REPRESENTANTE DESIGNADO** [3]

○ ICI

○ PI

Tipo de persoa ICI/PI:

○ Unha persoa xurídica ○ Unha persoa física

☐ Persoa administradora[4]

☐ Representante

Indique se foi suxeito dunha avaliación de idoneidade por unha autoridade competente do sector de servizos financeiros

| | Autoridade | Data da avaliación | Resultado |
|---|---|---|---|
| 1 | | | |
| 2 | | | |
| 3 | | | |

**COÑECEMENTOS E EXPERIENCIA**

| | | |
|---|---|---|
| a) | Foi acreditado por unha empresa ou entidade certificadora dos coñecementos e competencia recoñecida polo Banco de España ou dispón dun dos títulos ou certificados recoñecidos polo Banco de España segundo o establecido no artigo 32 quáter da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro?[1] | ○ SI ○ NON |
| b) | Indique a entidade certificadora recoñecida polo Banco de España da cal recibiu a acreditación ou o título que posúe dos recoñecidos polo Banco de España que acredita os seus coñecementos e competencia[1] | ○ SI ○ NON |
| | | |
| c) | Na súa función de membro do órgano de administración, vai facilitar asesoramento sobre préstamos inmobiliarios, entendendo por tal o establecido no artigo 4.20) da Lei 5/2019, do 15 de marzo?[1] | ○ SI ○ NON |
| d) | Indique a duración do curso de formación recibido:[1] | ○ Igual ou superior a 50 horas<br>○ Igual ou superior a 65 horas |

[1] A presente declaración deberá cubrirse tanto por ICI/ PI, no caso de que sexan persoas físicas como, no caso de que o ICI/ PI sexa unha persoa xurídica por, cando corresponda, as persoas físicas designadas, (ii) as persoas xurídicas designadas , (iii) os representantes físicos das persoas xurídicas designadas, e (iv) os administradores/as das persoas xurídicas con forma de persoa xurídica.

[2] No caso de que a persoa designada sexa unha persoa xurídica, a declaración deberá ser asinada por unha persoa con poder de representación suficiente.

[3] Campos de cumprimentación obrigatoria.

[4] No caso de que a persoa nomeada como administrador/a sexa unha persoa xurídica, deberase presentar un formulario referente á persoa xurídica e outro referente á persoa física nomeada como o seu representante.

ANEXO III
(continuación)

## COÑECEMENTOS E EXPERIENCIA (continuación)

| | | |
|---|---|---|
| | Indique se algunha das materias identificadas no artigo 32 bis da Orde EHA/2899/2011, do 28 de outubro, como foi validada polos seus coñecementos e/ou experiencia previa e, en caso afirmativo, sinale no seguinte campo o motivo da devandita circunstancia | ◯ SI ◯ NON |

| | Módulos validados | Motivos da validación |
|---|---|---|
| 1 | | |
| 2 | | |
| 3 | | |
| 4 | | |
| 5 | | |
| 6 | | |
| 7 | | |
| 8 | | |
| 9 | | |
| 10 | | |

## HONORABILIDADE COMERCIAL E PROFESIONAL

Nesta sección, as preguntas referidas á persoa nomeada deben entenderse tamén referidas a calquera persoa xurídica a que o interesado estea ou estivese vinculado como conselleiro/a, director/a xeral ou accionista significativo, e aos feitos ocorridos durante o período de tempo en que tivo lugar a dita vinculación coa extensión indicada máis adiante respecto dos procedementos concursais. Para os efectos desta sección, por director/a xeral deberanse entender exclusivamente comprendidas as persoas que teñan apoderamento xeral da entidade, sen limitación relevante, ou que non teñan limitadas as súas funcións de alta dirección a unha ou varias áreas de actividade específica, senón que teñan encargada a dirección executiva da entidade no seu conxunto.

| | | |
|---|---|---|
| a) | **CONDENAS POR DELITO EN ESPAÑA OU NO ESTRANXEIRO** | |
| a.1 | Ten vostede ANTECEDENTES PENAIS en España ou no estranxeiro?[1] | ◯ SI ◯ NON |
| a.2 | Foi condenado ou está a ser investigado en España ou no estranxeiro, especialmente pola comisión de delitos (i) contra a propiedade, o patrimonio, (ii) branqueo de capitais, (iii) contra a orde socioeconómica, (iv) contra a Facenda pública, (v) contra a Seguridade Social ou (vi) que supuxesen infracción das normas reguladoras do exercicio da actividade bancaria, de seguros ou do mercado de valores, (vii) de protección dos consumidores e (viii) de falsidade?[1] | ◯ SI ◯ NON |
| b) | **PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS, SANCIÓNS E INVESTIGACIÓNS ADMINISTRATIVAS EN CURSO EN ESPAÑA OU NO ESTRANXEIRO** | |
| b.1 | Atópase ou foi inhabilitado para o exercicio de profesión, cargo público ou de administración ou dirección?[1] | ◯ SI ◯ NON |
| b.2 | Foi sancionado ou atopase inmerso nunha investigación pola infracción de normas de carácter administrativo, especialmente se se trata de (i) infraccións contra o patrimonio, (ii) branqueo de capitais, (iii) contra a orde socioeconómica, (iv) contra a Facenda pública (v) contra a Seguridade Social, ou (vi) que supuxesen infracción das normas reguladoras do exercicio da actividade bancaria, de seguros ou do mercado de valores, ou (vii) de protección dos consumidores e (viii) normas dun código de conduta, regulamento interno de conduta, ou normativa deontolóxica profesional | ◯ SI ◯ NON |
| b.3 | Ocupou cargos no consello de administración ou foi director/a xeral ou asimilado de entidades ou sociedades financeiras? | ◯ SI ◯ NON |
| c) | **OUTRA INFORMACIÓN RELATIVA A PROCEDEMENTOS XUDICIAIS OU DISCIPLINARIOS** | |
| c.1 | Foi ou está a ser suxeito dun procedemento concursal en España ou análogo no estranxeiro (incluíndo os procedementos de quebra e suspensión de pagamentos)?[3,1] | ◯ SI ◯ NON |
| c.2 | Viuse afectado pola sentenza de cualificación culpable ou algún procedemento concursal?[5,1] | ◯ SI ◯ NON |
| c.3 | Tramitouse ou estase tramitando algún procedemento xudicial por insolvencia ou embargos por incumprimento de obrigacións pecuniarias en relación con vostede?[1] | ◯ SI ◯ NON |
| c.4 | Foi obxecto dalgunha acción social ou individual de responsabilidade?[1] | ◯ SI ◯ NON |
| c.5 | Foi despedido ou cesado como membro do órgano de administración ou como director/a xeral, debido a causas disciplinarias?[1] | ◯ SI ◯ NON |
| c.6 | Foi condenado por incumprimento da normativa de defensa da competencia, ou atópase demandado polos devanditos incumprimentos?[1] | ◯ SI ◯ NON |
| c.7 | Foi parte demandada por incumprimentos da normativa de defensa de consumidores e usuarios?[1] | ◯ SI ◯ NON |
| c.8 | Foi obxecto de condena/s por laudo/s en arbitraxe/s de dereito?[6,1] | ◯ SI ◯ NON |

Explicacións que correspondan cando exista unha resposta afirmativa[1]

**A PERSOA ASINANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

☐ A información incluída neste cuestionario é certa, exacta e completa. Quedan excluídas desta declaración as respostas ás preguntas dirixidas expresamente ao ICI/ PI e as súas avaliacións.[1]

☐ Reúne os requisitos de idoneidade que lle son legalmente exixibles, non se atopa en curso en ningunha limitación, incompatibilidade ou prohibición legalmente establecida para poder exercer o cargo para o que foi designado e comprométese a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o tempo que ocupe este cargo[1]

☐ Notificará inmediatamente ao ICI/ PI, cando este sexa unha persoa xurídica distinta á persoa nomeada, calquera cambio que se produza na información incluída no presente cuestionario e nos seus anexos.[1]

☐ Coñece as responsabilidades do cargo para o que foi designado, derivadas da lexislación tanto no ámbito xeral das sociedades de capital como no especial propio do sector regulado en que opera o ICI/ PI para o que foi proposto como administrador, así como as directivas comunitarias, as directrices e os criterios publicados pola Autoridade Bancaria Europea e o Banco de España.[1]

☐ Coñece que a avaliación do supervisor se obterá sobre a base da veracidade e exactitude das declaracións contidas neste documento e que emitirá unha avaliación negativa, coa debida motivación, se comproba que o avaliado non reúne os requisitos necesarios ou se, durante o proceso de avaliación, achégase información falsa, enganosa, ou se omite información relevante ou non se emendan as deficiencias identificadas durante o proceso a requirimento da autoridade competente.[1]

☐ Coñece que a avaliación da solicitude de rexistro por parte do supervisor se obterá sobre a base da veracidade e exactitude das declaracións contidas neste documento e que a Administración autonómica denegará a solicitude, coa debida motivación, se comproba que o solicitante non reúne os requisitos necesarios ou se, durante o proceso de avaliación da solicitude, achégase información falsa, enganosa, ou se omite información relevante ou non se emendan as deficiencias identificadas durante o proceso por requirimento da autoridade competente.[1]

**SINATURA DA PERSOA ASINANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

________________ , ______ de ____________ de ______

[1] Campos de consignación obrigatoria.

[5] Por "procedemento concursal" deben entenderse comprendidos os de quebra e suspensión de pagamentos. Así mesmo, o asinante debe incluír na súa resposta os concursos de entidades, que aínda se estean tramitando, en que ocupase cargos de administración ou apoderamento xeral ata dous anos antes da declaración do concurso, aínda que xa non exercese os mesmos no momento da declaración xudicial do concurso de acredores.

[6] En caso de resposta afirmativa a calquera as preguntas do punto "HONORABILIDADE COMERCIAL E PROFESIONAL", deberá explicarse, segundo corresponda, a seguinte información:

Por cada condena penal declarada: (i) Tipificación dos feitos que motivaron a condena (se a condena se produciu en España, referila mediante o artigo concreto do Código penal que corresponda); (ii) data en que tiveron lugar os feitos; (ii) se se realizaron en proveito propio ou en prexuízo dos intereses de terceiros cuxa administración ou xestión de negocios lle foi confiada; (iv) carácter do delito (doloso/imprudente); (v) firmeza da sentenza e o estado do procedemento; (vi) tipo de pena imposta (privativa de liberdade/privativa doutros dereitos/multa); (vii) clasificación da pena imposta pola súa natureza e duración, indicando a clasificación do sistema de referencia; (viii) Autoridade que impuxo a condena e Estado en que se integra a dita autoridade; (ix) se se extinguiu a responsabilidade criminal pola prescrición da pena; (x) se se apreciaron circunstancias atenuantes, concretando as que corresponda; (xi) se se apreciaron circunstancias agravantes, concretando as que corresponda; (xi) explicación da relevancia dos feitos polos que se impuxo a condena, en relación coas funcións do cargo para o que se lle designou, e descrición da súa participación neles; e (xii) indicios da comprensión ou coñecemento da súa conduta obtidos pola persoa designada co paso do tempo.

Por cada investigación penal declarada: (i) Tipificación dos feitos que motivaron o inicio da investigación (se se produciu en España, referila mediante o artigo concreto do Código penal que corresponda); (ii) data en que tiveron lugar os feitos; (iii) se se ditou un auto de procesamento ou de apertura de xuízo oral, ou resolución relativa a fito procesual equivalente no estranxeiro; (iv) estado do procedemento; (v) en caso de investigacións concluídas, se foi investigado, pero non condenado, por extinguirse a responsabilidade criminal por prescrición do delito; (vi) Autoridade que instruíu ou instrúe a causa; (vi) estado en que se integra a dita autoridade; (vii) explicación da relevancia dos feitos polos que se incoou a investigación, en relación coas funcións do cargo para o que se lle designou, e descrición da súa participación neles; (ix) indicios da comprensión ou coñecemento da súa conduta obtidos pola persoa designada co paso do tempo, e (x) condena probable no caso de que a resolución non sexa absolutoria.

Por cada sanción declarada: (i) Tipificación dos feitos de que deriva a sanción (se a sanción se produciu en España, referila mediante o artigo e norma concreta que corresponda); (ii) data en que tiveron lugar os feitos; (iii) se se realizaron en proveito propio ou en prexuízo dos intereses de terceiros cuxa administración ou xestión de negocios lle foi confiada; (iv) o carácter da infracción (dolosa/imprudente); (v) firmeza da sanción e estado do procedemento; (vi) clasificación da sanción imposta, indicando a clasificación do sistema de referencia ; (vii) Autoridade que impuxo a sanción e Estado en que se integra a dita autoridade; (viii) explicación da relevancia dos feitos polos que se impuxo a sanción, en relación coas funcións do cargo para o que se lle designou e descrición da súa participación neles; (ix) indicios da comprensión ou coñecemento da súa conduta obtidos pola persoa designada co paso do tempo; (x) prescrición da sanción imposta (si/non); (x) circunstancias de dosimetría punitiva apreciadas na resolución para agravar ou diminuír a sanción imposta.
Por cada investigación administrativa declarada: (i) Tipificación dos feitos que motivaron o inicio da investigación (se se produciu en España, referila mediante o artigo e norma que corresponda); (i) data en que tiveron lugar os feitos; (ii) estado do procedemento; (iv) se foi investigado, pero non sancionado por concluír o procedemento mediante acordo transaccional ou mecanismo alternativo de resolución de conflitos; (v) Autoridade que instruíu ou instrúe a causa e Estado en que se integra a dita autoridade; (v) explicación da relevancia dos feitos polos que se incoou a investigación, en relación coas funcións do cargo para o que se lle designou e descrición da súa participación neles; (vi) indicios da comprensión ou coñecemento da súa conduta obtidos pola persoa designada co paso do tempo.

Por cada procedemento concursal: (i) Estado onde se declarou o concurso de acredores, tipo e n° de xulgado; (i) tipo e n° de procedemento; (ii) se o procedemento foi "voluntario" ou "necesario"; (iv) suxeito declarado en concurso de acredores e, en caso de tratarse dunha persoa xurídica, cargo ou cargos que foron ocupados pola persoa designada durante o período comprendido desde dous anos antes da data de declaración de concurso ata a actualidade; (v) data de inicio e data de conclusión do procedemento se xa rematou; (v) se se adoptou algunha medida cautelar ou de embargo, indicando cales e fronte a quen; (vi) se se promoveu algunha acción de reintegración ou de rescisión no concurso, detallando o demandante e o obxecto, a súa resolución xudicial, e se se estimou que mediou fraude ou ánimo fraudulento polas partes; (viii) se se abriu a sección de cualificación, indicando no devandito caso se se ditou xa sentenza en que se declare o concurso como fortuíto ou como culpable e, neste último caso, que pronunciamentos se previron por parte do xuíz; (ix) se a administración concursal xa presentou o seu informe provisional (art. 74 e ss. da Lei concursal) e a causa que na súa opinión xerou, e, de ser o caso, agravou, a insolvencia da concursada; e (x) feitos indiciarios da comprensión ou coñecemento da súa conduta obtidos pola persoa designada co paso do tempo.

Por cada proceso de reestruturación, recuperación, resolución, ou intervención: detalle das circunstancias concorrentes que deron lugar aos devanditos procesos, así como a responsabilidade que, de ser o caso, se puideron atribuír ou derivar para a persoa designada. Así mesmo, deberanse informar os indicios da comprensión ou coñecemento da súa conduta co paso do tempo que puidesen constar. Respecto do resto de procedementos xudiciais ou arbitrais no ámbito civil ou mercantil: () tipo de procedemento, (ii) órgano ou autoridade decisoria e Estado en que se integra o devandito órgano ou autoridade; (ii) n° e tipo de procedemento; (iv) descrición do obxecto da controversia; (v) resolución íntegra do procedemento; (vi) indicación de se se satisfixo a condena ou, de ser o caso, cumprido o acordo transaccional, e se se chegou a presentar algunha demanda de execución; (vi) explicación da relevancia dos feitos controvertidos en relación coas funcións do cargo para o que se lle designou e descrición da súa participación neles; e (vi) indicios da comprensión ou coñecemento da súa conduta obtidos pola persoa designada co paso do tempo.